



FICHA DE INSCRIPCIÓN SERVIZO MAÑÁ PROGRAMA CORRESPONSABLES O RAMO 2022

DATOS PERSONAIS ALUMNO-A

Nome e Apelidos:
DNI (no caso de ter):
Curso:
Data de Nacemento:

DATOS PAI/NANI/TITOR-A

Nome e Apelidos:
e-mail:
Teléfono de contacto: _____ INCLUIR EN GRUPO WHATSAPP MADRUGA: SI/NON

OUTROS DATOS:

Alerxias: _____
Medicación durante a actividade (Indicar nomes, doses e horarios e xuntar informe médico):

Indique aquelas observacións de interese para o tratamento persoal:

A ASINAR POR NAI / PAI / TITOR-A LEGAL

Don/Dona _____, con DNI _____
SOLICITO a inclusión de _____no PROGRAMA CORRESPONSABLES O RAMO 2022 – SERVIZO DE MAÑÁ xestionado pola ANPA O Ramo e desenvolvido por TEMPUS e **DECLARO** coñecer a información sobre esta actividade, as súas normas e protocolos aplicables e estar de acordo en que o meu fillo e/ou miña filla participe.

OPCIÓN ELIXIDA (indicar de acordo á táboa do dorso):

- Mensual (nº horas):
- Puntual (nº horas):
- Almorzo (SI/NON):

AUTORIZO:

- Utilizar os datos persoais desta ficha única e exclusivamente de acordo co establecido na normativa de protección de datos.
- Captar imaxes do meu fillo e/ou miña filla realizadas durante o servizo para o seu uso con finalidade pedagóxica e difusión nos medios dixitais empregados pola ANPA O RAMO e TEMPUS. (**NON AUTORIZO**)

COMPROMÉTOME:

- Cumprir as condicións do servizo que se acompañan a esta folla de inscrición
En Fene (A Coruña), a de de 2022

Asdo. _____

INFORMACIÓN SOBRE O SERVIZO MAÑÁ 2022

O **servizo de mañá da ANPA O RAMO** está dedicado ao coidado dos-as alumnos-as menores do CEIP Plurilingüe O Ramo para facilitar o reparto equilibrado das responsabilidades familiares e domésticas das familias do noso colexio. Está xestionado pola ANPA O RAMO e **incluído no Programa Corresponsables 2022** (DOG núm. 142, do 27.07.2022) solicitado por esta ANPA á Xunta de Galicia (RX.2022/2139506) pendente de resolver.

Os logos da Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Igualdade, Ministerio de Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade e contra a violencia de xénero e o Plan Corresponsables está presente en toda a documentación e a publicidade deste servizo, así como nas instalacións empregadas.

OPCIÓNS E PREZOS

- O servizo de mañá desenvolverase todos os días lectivos do calendario escolar 2022-2023 desde ás 07.30 h da mañá (sempre que haxa demanda) ata a entrada ás aulas.
- As cotas do servizo, ata que a Xunta de Galicia resolva a solicitude da ANPA ao Plan Corresponsables, son as que figuran no seguinte cadro. No caso de recibir subvención, a cota reducirase de acordo á axuda concedida.

SERVIZO MENSUAL	COTA USUARIO-A	COTA A PARTIR DO 2º IRMÁN
¼ HORA	6 euros	3 euros
½ HORA	11 euros	5,50 euros
¾ HORA	16 euros	8 euros
1 HORA	20 euros	10 euros
1 ½ HORA	28 euros	14 euros
2 HORAS	35 euros	17,50 euros
SERVIZO PUNTUAL (DÍAS SOLTOS)		
¼ HORA	2 euros	1,00 euro
1 HORA	2,50 euros	1,25 euros
1 ½ HORA	3 euros	1,50 euros
2 HORAS	3,50 euros	1,75 euros

Os materiais empregados nas actividades, salvo excepcións puntuais, están incluídos no servizo de mañá.

Almorzo: 1,5 euros/día inclúe auga, zume, lácteos, froita, bocadillo, torradas, galletas, etc. Adaptarase ás necesidades dos-as usuarios-as, incluídas intolerancias ou alerxias que deberán ser debidamente comunicadas e informadas no formulario de inscrición.

PRAZAS E INSCRICIÓN

- Procurarase habilitar as prazas necesarias para atender todas as solicitadas polas familias. Serán prioritarias: familias monoparentais, mulleres vítimas de violencia de xénero, mulleres en situación de desemprego cando teñan que asistir a accións formativas ou en busca activa de emprego y familias con diversas necesidades de conciliación.
- As inscricións formalizaranse mediante formulario, que deberá estar cumprimentado en todos os seus campos e estar asinado.
- O formulario enviarase ao correo da ANPA (anpaceiporamo@gmail.com) como mínimo un día antes de asistir ao servizo.
- Excepcionalmente recibiranse usuarios-as non inscritos-as no mesmo día cando se trate dunha urxencia xustificada pola familia e baixo aceptación dos monitores responsables.
- A cota abonarase a mes vencido. A ANPA enviará un correo os primeiros días do mes seguinte informando da cota a abonar.
- Os-as usuarios-as que se inscriban como mensuais abonarán o total da cota mensual e os puntuais abonarán a cota correspondente aos días asistidos.
- O pago realizarase mediante transferencia bancaria indicando no asunto SERVICIO MAÑÁ APELLIDOS ALUMNO-A á conta bancaria da ANPA O Ramo.

ES18-2080-0219-2130-0001-1334

INFORMACIÓN XERAL

- O servizo realizarase no LOCAL DA LUDOTECA localizado na planta baixa do CEIP Plurilingüe O Ramo.
- O servizo levarase a cabo a través da empresa TEMPUS conforme o establecido no convenio asinado. Esta empresa proveerá do monitorado necesario, que contará con titulación específica para o coidado de menores e cos certificados necesarios para o trato con estes.
- O monitorado atenderá aos participantes, disporá dos almorzos, de ser o caso, e desenvolverá o programa de actividades lúdico-educativas preparado para o tempo de estadia no servizo que inclúe actividades de fomento da igualdade de xénero (afondando na necesidade de que homes e mulleres actúen responsablemente nas funcións e tarefas domésticas e dos coidados familiares) e a non violencia.
- Os participantes serán recibidos na porta principal do colexio polo monitorado e/ou conserxe e dirixidos ao local ludoteca. Á hora de entrada ás aulas os participantes de infantil entregaranse ao seu titor ou mestre responsable da clase e os participantes dos cursos de primaria dirixiranse á súa aula.
- A ANPA poderá estar presente durante o servizo e acudirá puntualmente para seguimento do mesmo.
- Facilitarase o número de contacto co monitor e dalgún membro da Directiva para comunicacións directas das familias. Tamén se creará un grupo de whatsapp para comunicacións xerais sobre o servizo de mañá no que se incluírán aos proxenitores/titores-as legais que así o detallan na inscrición.
- Recoméndase avisar dos días que non se acuda ao servizo.
- Deberá comunicarse calquera cuestión que poda afectar ao desenvolvemento da actividade ou que poda afectar ao participante (alerxias, fobias, etc.)
- O equipo directivo do CEIP contará cunha listaxe de inscritos ao servizo de mañá onde se detalle persoa de contacto.

NORMAS XERAIS

- Cumprirse coa normativa e protocolos aplicables en cada momento.
- En todo momento respectarase aos demais participantes e ao monitorado.
- Non se permite ningún tipo de burla, ameaza ou discriminación nin comportamento violento, físico e verbal.
- Todos os materiais e instalacións deberán ser empregados e respectados adecuadamente.

PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos, en nome da ANPA O RAMO a información desta solicitude facilítase co fin de prestar de realizar as tarefas propias de xestión administrativa da asociación.

Os datos proporcionados conservaranse mentres se mantéña a súa relación coa ANPA ou durante os anos precisos para cumprir as obrigas legais. Non se cederán a terceiros salvo nos casos nos que exista obriga legal. Os datos poderán ser cedidos, como encargados do tratamento ás empresas que se contraten para realizar actividades.

Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se a ANPA O RAMO está tratando os seus datos persoais, polo tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando xa non sexan necesarios, a opoñerse á cesión cando non sexa obrigatorio e ao dereito de portabilidade. Dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución e regulado pola Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, así como pola lexislación sobre protección de datos, a ANPA O RAMO solicita o seu consentimento para a publicación de imaxes que con fins pedagóxicos se podan realizar de forma individual ou en grupo os-as seus fillos-as durante as actividades organizadas pola ANPA tanto no centro escolar como fóra do mesmo.